

**O CONVENTO DE SANTA BÁRBARA,  
CASE CINCO SÉCULOS DE HISTORIA  
DE *FRAILAS TERCIARIAS* (1444-1912)**

Discurso lido por

**Dª DOLORES BARRAL RIVADULLA**

ao ser recibida como Numeraria deste Instituto  
durante a sesión pública que se celebrou  
solemnemente o día 20 de outubro de 2025 no Salón  
de Sesións do Palacio Municipal de María Pita da  
Coruña, e a contestación a cargo do Numerario  
D. José Ramón Soraluce Blond

A CORUÑA, 2025







ISBN: 978-84-09-77564-4  
Depósito Legal C 1580-2025  
Impreso en Global Print  
A Coruña, 2025

**O CONVENTO DE SANTA BÁRBARA,  
CASE CINCO SÉCULOS DE HISTORIAS DE  
*FRAILAS TERCIARIAS (1444-1912)***

**D<sup>a</sup> Dolores Barral Rivadulla**



Excma. Sra. alcadesa, autoridades, membros do Instituto «José Cornide», señoras e señores. Entrar a formar parte do Instituto «José Cornide» de Estudos Coruñeses, é unha distinción que debo agradecer aos que me propuxeron, porque a todos compárenos ser profetas na nosa casa. Pertencer a esta singular institución da cidade na que nacín, á que pertenzo de corazón e á que levo por bandeira alá onde vou é unha auténtica honra.

A apostas pola Coruña en canto a campo de investigación foi un pouco singular. En 1988 Miguel González Garcés acaba de publicar a súa singular *Historia de La Coruña. Edad Media*; pouco parecía que podía achegarse.

A miña tese doutoral consistía en reconstruír o universo medieval da vila a través da súa historia e urbanismo, das súas institucións civís e relixiosas e das manifestacións artísticas vinculadas ás súas xentes: as parroquiais e conventos (algúns trasladados en época contemporánea como é o caso da igrexa franciscana), as súas imaxes devocionais, e mesmo as súas efixies funerarias, tentando valorar a imaxe que daquelas xentes conservabamos na actualidade; desde os zoqueiros e redeiras ata damas e fidalgos. Foi un traballoinxente do que áinda hoxe síntome satisfeita cando repaso o libro con parte do seu contido publicado no 1998 pola Fundación Barrié.

Corrían os anos 90 tremendamente limitados en canto ao acceso á documentación e aos arquivos que me levou a viaxar para localizar os documentos dominicos ou dos franciscanos e a traballar intensamente nos coruñeses.

Nunca tiven problema nin nos arquivos institucionais nin nos parroquiais como o da colexiata de Santa María ou o da igrexa de Santiago no que recentemente detectei que o máis antigo libro de fábrica, do século XVI, e que eu consultei, perdeuse. Naqueles parsimoniosos traballos arquivísticos abríuseme un fondo documental descoñecido, inédito e variado: o do convento de Santa Bárbara e que hoxe é obxecto da miña lección.

A miña investigación continuou ao longo do tempo profundando en aspectos concretos e mesmo dirixín algunha tese sobre os fondos medievais do Museo Arqueolóxico de Santo Antón. Hoxe atópome aquí feliz, agradecida e satisfeita polo

recoñecemento con este ingreso do eixo a miña investigación vital desde 1990: esta cidade no seu tempo medieval.

A elaboración deste traballo ten como labor fundamental dar a coñecer a historia do convento de Santa Bárbara desde a súa fundación, baixo a regra da Orde Terceira Franciscana cara a 1444, ata o ano 1912 en que a comunidade abraza a regra da Orde de Santa Clara. Varios son os motivos que me levaron a iso: por unha banda, a gran cantidade de información descoñecida achegada polo arquivo conventual e por outro a falta de estudos sobre o convento, sen dúbida derivado do limitado acceso á documentación conventual.

Parte da miña vida investigadora estivo vinculada á comunidade de santa Clara coruñesa. Naqueles comezos tiven a fortuna de que as clarisas, presididas pola nai Inmaculada, abríronme a súa casa todos os sábados para poder acceder ao seu arquivo.



A comunidade clarisa en 1993.

Comezou entón un ritual que se prolongou durante case cinco anos: a chegada ao torno, sobre as catro da tarde, a apertura da portería para acceder a clausura e o meu traballo durante dúas horas no lugar onde sor Celia, que por entón era a irmá arquiveira, tiña colocados os papeis sobre a historia da comunidade.

Foi un traballo ao uso da máis pura investigación de lapis e papel onde o límite de tempo —nun momento no que non había móbiles no que sacar fotos aos documentos— levaba a concentrar o traballo na transcripción e lectura da documentación.

De feito, nos primeiros meses dediqueime tan só a organizar o que lía e a limitarme á documentación medieval.

O primeiro que chamou a miña atención foron os pergamiños, unha serie de dezaoito documentos, cuxas datas extremas eran os anos 1414 e 1551, que por aquel entón constituíron un importante achado xa que completaba a colección de documentos orixinais sobre a Coruña medieval. Paso a paso, co transcurso dos meses e mesmo dos anos, fun tratando en maior profundidade tanto a historia do convento como da comunidade ampliando o meu marco de estudo; o feito de ter acceso libre ao arquivo constituía unha oportunidade única que non podía perder e por iso começaron a acumularse os apuntamentos sobre diversos sucesos, acontecementos e fitos na vida do convento anotados en fichas encabezadas por ano, que hoxe ven a luz.

Pronto había de descubrir que a historia do convento xa fora obxecto dun ensaio: a crónica realizada en 1691 por frei Agustín Grabó Moscoso titulada: *Breve resumen cronológico de los principios que tuvo el muy grave y religioso convento de Santa Bárbara y sus progresos en lo espiritual y temporal con su elenco de inventario de todos los papeles tocantes a la hacienda*. Este foi o primeiro título que saíu á luz da documentación conventual e que dei a coñecer nun artigo publicado no ano 1992-93 na revista do *Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*<sup>1</sup>.



O libro Graboo custodiado no arquivo conventual.

---

<sup>1</sup> A análise desta fonte foi realizado na publicación Barral Rivadulla, 1992-1993.

Coa convicción de non atopar máis documentación medieval orixinal publicouse en 1994 unha relación destas na revista *Arquivo Iberoamericano* (revista franciscana de estudos históricos) onde se daba a coñecer a relevancia do arquivo para o estudio da Orde Terceira Regular en época medieval<sup>2</sup>.

A investigación sobre a fundación e orixe do convento de Santa Bárbara levaron a ofrecerme desde Roma a elaboración dun artigo para a revista *Archivium Franciscanum Historicum*. Unha oportunidade única xa que esta revista é referencia internacional para os estudos franciscanos<sup>3</sup>.

Por aquel entón o traballo en arquivo continuaba ampliando o coñecemento da organización arquitectónica do convento, revisando a documentación posterior para aclarar datos. É entón cando se localiza un libro onde se recolle a crónica da obra do pavillón de dormitorios que hoxe pecha a praza de Santa Bárbara. Neste volume rexístrase todo o proceso de execución da obra identificando como arquitecto do mesmo a Fernando de Casas Novoa. No ano 1994 publicáronse dous artigos: o primeiro sobre arquitectura conventual feminina no medievo na *Revista do Museo de Pontevedra*; o segundo deu a coñecer a obra de tempos barrocos<sup>4</sup>.



A praza de Santa Bárbara, vista xeral.

Tras a presentación da tese doutoral no ano 1995, as miñas visitas ao convento reducíronse<sup>5</sup> pero o traballo continuou, presentado un artigo en 2002 xunto a Óscar Ares Botana cunha aproximación ao inventario do arquivo conventual na home-

2 Barral Rivadulla, 1994a.

3 Barral Rivadulla, 1994b.

4 Barral Rivadulla, 1994c. Barral Rivadulla, 1994d.

5 Publicadas en Barral Rivadulla, 1998.

naxe ao franciscano José García Oro, mestre e promotor do meu achegamento á comunidade terciaria<sup>6</sup>. A limitada difusión desta publicación e o feito de que non se ache estea dixitalizada levoume a incluír este inventario como anexo a esta lección este traballo, para que sexa público e complete o exercicio de achegamento á historia da comunidade e á análise dos seus restos arquitectónicos e escultóricos que agora se pretende.

Cinguíndome aos desexos de que no seu momento expúxome a comunidade, alá polo ano 1990, e referendados pola comunidade actual, as achegas deste traballo quedarán referidas ao período en que a comunidade pertenceu á Orde Terceira Regular Franciscana (TOR). Son case 500 anos de historia na que non se pretende historiar contextualizadamente —nun dentro do espazo da historia de Galicia nin na municipal—. Ese será obxectivo para futuros estudos onde se aborden circunstancias económicas, personaxes vinculados... completando os datos que aquí se achegan cos instrumentos que proporcionan outros arquivos.

A idea fundamental é dar a coñecer a historia do convento a través da súa documentación facendo énfase na historia das súas moradoras e do inmóvel. Quizais nalgún momento ou coa debida xestión sería posible que esta se trasladase a unha institución arquivística, como o Arquivo da Provincia Franciscana de Santiago, sito en Compostela, onde puidese ser consultada por investigadores.

Como non son allea ao mundo medieval e moito menos á súa arte, escollín para rematar esta lección algunas das pezas más singulares do pasado conventual medieval.

O obxectivo fundamental deste traballo é continuar un labor iniciado no ano 1691 polo fraude Agustín Graboo Moscoso primeiro cronista do convento<sup>7</sup>, como capelán da comunidade, que manifesta no preámbulo da súa obra a súa intención:

«Esto veo y esto experimento en Vuesas Mercedes, y esto  
me motibó á la rresolucion de vosquejar los principios de

6 Barral Rivadulla, Ares Botana, 2002.

7 O manuscrito orixinal inédito áchase depositado no arquivo conventual, A. Graboo Moscoso, *Breve resumen cronológico de los principios que tuvo el muy grave y religioso convento de Santa Bárbara y sus progresos en lo espiritual y temporal con su elenco de inventario de todos los papeles tocantes a la hacienda*. La Coruña, 1691. Medidas: 320 mm x 290 mm. Consta de 115 folios escritos en recto e volto. Este libro foi transscrito en parte por D. Félix Estrada Gallardo en el año 1952. A transcripción deste autor encóntrase no arquivo conventual. Estrada Gallardo (1952). *Crónica del convento de Santa Bárbara*

tan religiosa y grave comunidad, cuyo explendor me tiene ábsortto, cuia virtud, álienta mis discuydos, y su gran religiosidad exçita mi tibesa: y por esto, admirado, me atrebo a la empressa. Y oxalá tubiera caudal, no solo para darlo a la estampa para el bien comun, sino para estamparlo en los co-raçones de todos los mortales: para que viniera á su noticia lo ardiente de lá caridad: lo inflamado del amor: y lo elevado de los espiritus de todas Vuesas Mercedes, de cuyas orações espero el rremedio de mi alma pecadora y todas me sirvan de medio para salir del zénagal de mis culpas, como lo espero, y que el Altissimo me guarde a Vuesas Mercedes en su gracia. B.L.M.D. Vuesas Mercede. Su más humilde siervo y capellan»<sup>8</sup>

Tómese pois este preámbulo para ofrecer á cidade, os seus investigadores e á comunidade e comunidades que habitaron e habitan o inmoble, este traballo

## A FUNDACIÓN CORUÑESA

Para analizar a historia do convento de Santa Bárbara é necesario establecer un breve estado da cuestión sobre a importancia das ordes mendicantes.

A renovación que para a Igrexa supuxo a aparición no século XIII das ordes mendicantes queda patente en multíitude de cambios entre os que destaca a recuperación da devoción entre os crentes, cuxa relixiosidade comenzará a entenderse como algo individual e a volverse más íntima. A súa pastoral postula o achegamento aos fieis e queda definida pola predicación en linguas vernáculas e a difusión da idea da imitación directa de Cristo<sup>9</sup>.

A pesar de que con anterioridade á aparición dos mendicantes xa existían agrupacións de laicos penitentes, será coas ordes terciarias, e en principio coa orde franciscana, cando certas necesidades e demandas dos fieis canalíicense cara á formación de grupos activos de participación más directa na vida relixiosa. A entrada masiva de laicos nestas institucións e a diversificación que alcanzou a Orde Ter-

8 Grabó Moscoso, 1691: fol. 1v.

9 A este respecto véxanse, entre outros, os traballos de: Rucquoi, 2009. Linaje Conde, 1982. Moliner, 1974.

ceira deu lugar, xa nos seus inicios, á formación de dous grupos distintos: a Orde Terceira Secular e a Orde Terceira Regular, distinguidas polo grao de compromiso adquirido polo fiel, sendo a segunda das ramas a máis rigorosa ao establecer a práctica dunha vida regrada e en comunidade.

Xa no século XIII documéntase a aparición de grupos de mulleres laicas seguindo os postulados franciscanos e convivindo en comunidade baixo o ideal terciario. Gardando

«castidad viviendo en sus casas, vestidas con el hábito religioso [...] aunque [...] vivían honestamente una vida de comunidad y afligían sus cuerpos en ayuno y oración; de suerte que [...] su manera de comportarse parecía [...] propia no de personas seglares [...] sino de personas santas y religiosas que hubiesen servido muchos años al Señor»<sup>10</sup>.

Estas beatas, con respecto ao resto de devotas que habitaban mosteiros ou conventos, representan a necesidade dunha experiencia relixiosidade máis íntima e profunda, pero, ao mesmo tempo, participando na vida activa. Pronto estas normas de convivencia serán insuficientes dada a súa condición feminina, e esixiráselles unha forma de vida regrada pasando a formar parte da Orde Terceira Regular. O camiño definitivo cara á institucionalización terá lugar no século XIV cando se establezan os votos de castidade, obediencia e pobreza<sup>11</sup>.

Este tipo de comunidades esténdese rapidamente por Europa, no caso da Península Ibérica non se detectan establecementos de terciarios regulares antes de fins do século XIII<sup>12</sup>. Na coroa de Castela as fundacións masculina xorden a fins do século lo XIV<sup>13</sup> e no XV as femininas<sup>14</sup>. No caso galego o proceso retárdase máis: as congregacións de terciarios pode datarse no segundo terzo do século XIV e os conventos da Terceira Orde Regular masculina no último terzo do século<sup>15</sup>.

10 Texto da *Lenda de Perugia*, tomado de Guerra, 1985: 642. Sobre a Orde Terceira Regular franciscana femenina véxase: Pazelli, 1989.

11 Graña Cid, 1990: nota 17-18.

12 Nas coroas de Aragón e Cataluña, sobre este aspecto véxase: Villapadierna, 1973. Martín García, 2017.

13 Graña Cid, 1990: 20.

14 García Oro, 1985: nota 183.

15 Os conventos terciarios foron os de Santa María a Nova de Santiago, Santa Catalina de Montefaro, Sancti Spiritus de Melide e San Martín de Villaoriente. Graña Cid, 1990. Ríos Rodríguez, Fraga Sampedro, 2014. Para o caso do convento feminino Santa Cristina da Pena esta fundación conventual-hospitalaria asumirá a regra da Terceira Orde

Dentro do século XV, determinados personaxes promoven a creación de beaterios de terciarias cujas fundacións corresponden, na súa maioría, á segunda metade de século. É neste momento cando se detecta a existencia do beaterio coruñés.

É difícil establecer o momento de formación da comunidade terciaria coruñesa por falta dun documento que precise a súa data de fundación. A este respecto, no ano 1691 Graboo afirmaba: «viendo los papeles del Archivo para formar el inventario que presento a Vuesas Mercedes, no halle noticia alguna de los principios y progresos de este Santo Convento y su muy religiosa Comunidad»<sup>16</sup>. Con todo, aventura como hipotético ano de inicio do beaterio o de 1411. Para chegar a esta conclusión baseábase na data correspondente ao documento máis antigo conservado, pero nin este instrumento, mal lido polo autor xa que o ano deste é 1414, nin o seguinte en antigüidade, que corresponde ao ano 1428, citan o beaterio ou os seus compoñentes<sup>17</sup>. É no ano 1444 onde se menciona a unha comunidade constituída como tal con cinco integrantes:

«Eldara Nunes, madre et vicara, que ora sodes enna casa que agora esta enna villa da Crunna enna rua do Cortynnal, fregesia da iglesia de Santa Maria do Canpo, et a Maria de Deus, et a Mayor Domingues, et Mayor Fernandes et Costança Alvares, frayras enna dita casa que sodes absentes ben asy commo se fosedes presentes, et a todas las outras frayras que despois de vos vieren et soçederen enna dita casa et orden»<sup>18</sup>.

Tal como informa o documento estas *frailas* residían nunha «casa que agora esta enna villa da Crunna enna rua do Cortynnal» en clausura parcial, seguindo ideais de pobreza e dedicadas a traballos para garantir o seu sustento. Graboo afirma que a comunidade se dedica á confección de panos de rede<sup>19</sup>. Con respecto á orixe

---

de Penitencia de san Francisco, grazas ao labor de frei Afonso de Melide, tal como afirman Ríos e Fraga, 132. García Cid equivócase ao establecer a vinculación coa OT desde a súa fundación. García Cid, 2021.

16 Graboo Moscoso, 1691: fol. 3v.

17 O documento é o testamento de María Oanes, veciña e moradora da Peixaria da Coruña, realizado o catro de xullo de 1414. Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 38. A Coruña, 22 de novembro de 1428. Cumprimento do testamento de Pedro Delgado a favor de Gonzalo de Cecebre e Martín de Cornido. Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 391-393.

18 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 405-407.

19 Graboo Moscoso, 1691: fol. 3r. Villapadierna destaca entre os labores realizados polas terciarias a asistencia social e caritativa, e a atención ao mantemento dos conventos

social das primeiras integrantes do beaterio, só pode aventurarse algunha noticia acerca da figura da súa primeira vigaira: Eldara Núñez, a cal pode ser identificada a través da documentación coruñesa como a viúva do carpinteiro Gonzalo Folgar. É evidente que a súa condición civil favorecía o seu ingreso na comunidade e ocupar a dirección desta<sup>20</sup>.

Un documento revelador do funcionamento do beaterio atópase na doazón de Dominga Costa, realizada na Coruña ao 6 de xullo de 1450. Desta pódense extraer datos sobre a comunidade: como que o número de *frailas* aumentou, que se atopan baixo a «terçeyra regla de San Francisco», e que non se aceptará o ingreso de ningunha muller que fose «baldia, nen desonesta, nen bagabunda, nen outra alguma sen lixencia et expreso consentimento meu et do dito meu marido et de nosos herdeyros et subcesores». Na doazón inclúense «todas estas minnas cassas en que vos agora morades con seu oratorio de Santa Bárbara» aclarando o porqué do nome do convento<sup>21</sup>.

Esta memoria desaparece co tempo e Grabóo en 1691 vincula a advocación a santa Bárbara coa aparición milagrosa dunha imaxe nos cimentos do convento:

«su resolución a sido ponerle en nombre al convento Santa María de los Angeles, en memoria del célebre y famoso de Porciúncula dedicado a la soberana Reyna María Señora Nuestra con la advocación de los *Ángeles*, en donde nuestro Padre San Francisco mereció receber tantos y tantos soberanos favores [...] pero declaró el cielo su voluntad con el prodigo siguiente [...] aviéndose animado a emprender su obra llaman a alarifes, oficiales y peones, echan manos a las azadas, rompen la tierra, arrancan piedras, enpieçan alegres a abrir los cimientos, y después de larga fatiga en lo profundo de el zimientu descubren una ymagén, aunque pequeña en el tamaño, devotíssima en el aspecto, de esta esforzada mártir Santa Bárbara; si bien que los golpes de el azadón le rompieron, como segundo degüello, el pescuezo, apartándoselo de la cabeza y ajándole el braçesito yzquierdo»<sup>22</sup>.

---

franciscanos Villapadierna, 1977: 173-174 para nota.

20 Arquivo da Colexiata de Santa María do Campo (ACSMC), pergamiños 9 e 12. Véase: Velo Pensado, Barral Rivadulla, 1994.

21 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 408-410.

22 Transcrito en Barral Rivadulla, 1992-1993: 119.

Este tipo de lendas ou tradicións son bastante habituais e adoitan aparecer durante o século XVII relacionadas directamente cos cronistas das diferentes ordes quen, a falta de documentación, vinculaban a fundación dun convento ou mosteiro a unha aparición milagrosa, circunstancia repítese noutras institucións galegas<sup>23</sup>.

Un privilexio, datado o 20 de setembro de 1451, outorgado por don Rodrigo de Luna, arcebispo de Santiago, establece o funcionamento da comunidade, a xerarquia dentro da mesma, a súa prerrogativa para elixir confesor, sacerdote e visitador franciscano<sup>24</sup>, e o dereito de enterramento con «hábito y cordón» no cemiterio contiguo a súa igrexa, eximíndoas do pago de «luctuosa»<sup>25</sup>. En decembro do mesmo ano o arcebispo corrobora estas prerrogativas, ampliando algunas<sup>26</sup>, e en 1457 esténdelas «para tempo de entredicho»<sup>27</sup>.

Dentro do capítulo das prerrogativas o concello coruñés recoñécelles, en 1463, as exencións de pago de tributos que posuían os terciarios no reino de Castela:

«sepan todos como nos, o concello [...] da cibdade da Crunna, por razon que los frayres e as frayras da terceyra regla teen certos previlegios dos reys pasados de gloriosa memoria, por los quales franquean e fazen francos todos los frayres e frayras da dita terceyra regla [...] e he razon que os taes religiosos pobres e commo non teen outras rendas nen outra manteençā salvo as esmoldas das boas personas que dan taes esmoldas non seria razon que pagasen dereitos nen costumes alguns, especialmente en aquelo que en nos he; conven a saber, de aqueles costumes e dereytos desta dita cibdade e que a ela perteesçen»<sup>28</sup>.

Estas concesións ás comunidades terciarias derivan do seu carácter mendicante. É evidente que unicamente as esmolas non podían contribuír ao sostento do convento e xa neste momento perfilanxe os diferentes tipos de ingreso que van manter á comunidade. Nun primeiro lugar, aqueles que dimanan do seu carácter

23 Véxase o exemplo da advocación do convento de dominicas en Viveiro tratado por Manso Porto, 1991.

24 Sobre este aspecto e a súa relación co convento franciscano coruñés pode consultarse Barral Rivadulla, 1998: 358.

25 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 411-414.

26 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 414-417.

27 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 418.

28 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 419-420.

mendicante e os derivados da súa popularidade relixiosa; en segundo, os xerados polas dotes e as posesións administradas polas *frailas*<sup>29</sup>.

Queda configurado xa a finais do século XV un patrimonio de bens inmóveis —a maior parte situados no alfoz coruñés<sup>30</sup>— reflexo de doazóns e mandas testamentarias. A partir de entón a documentación aumenta ao consignarse no arquivo permutas, traspasos e cesións, compras, declaracíons de bens e mesmo preitos derivados da administración de legados e propiedades.

## O CONVENTO EN ÉPOCA MODERNA. SÉCULOS XVI-XVIII

Este apartado aborda tres séculos da historia conventual polo que cómpre precisar que tan só se consignarán os datos obtidos do arquivo conventual sen atender o contexto histórico ou o devir municipal, ámbitos de análises que excederían este traballo.

A entrada no século XVI e a consolidación da comunidade nos séculos XVII e XVIII permiten cualificar a idade moderna como dispar, con períodos de solidez, debilidade, abundancia e escaseza.

A mediados do século XVI consta que «abia en el mucha cantidad de monjas de buena casta y generacion y de muy grande exemplo»<sup>31</sup>. Grabóo cita a doazón de dote feita a comezos do século XVI por Pedro Bermúdez de Castro, señor de Montaos y Peñaflor, ante a entrada dunha das súas irmás. Deixa diversas rendas «más una cama de ropa, que es un colchón, dos mantas, dos savanas, dos almoadas, y un manto de bernea, y más una saya blanca para devajo, e un ávito, e un manto de pardillo según es costumbre».

Entre finais do século XVII e comezos do XVIII a comunidade aumentará de maneira constante. Vázquez Bello afirma que «destacó una aplastante mayoría de religiosas de Santa Bárbara que concentraron sus tomas de hábito en esta asociación entre 1692 y 1702, cuyo pico se produjo concretamente en 1698 con 12 anotaciones. Entre las religiosas destacaron mujeres de algunas de las familias más importantes de la ciudad, así como mujeres viudas que deciden profesar en los

29 Véyanse as referencias recollidas en Barral Rivadulla, 1998: 360-364.

30 Para a definición do alfoz coruñés: Barral Rivadulla, 1998: 29.

31 1505. Arquivo das Clarisas de A Coruña (ACC), libro n.º 141, fols. 221-222.

conventos. Se debe tener en cuenta que, según la mentalidad de la época, no estaba bien visto que una mujer viviese sin la supervisión de ningún hombre, por lo que muchas de ellas acabaron residiendo en conventos a modo de residencia. Algunas de ellas fueron doña Inés de la Concha y Andueza, religiosa de las bárbaras que tomó los votos en 1698. Era hija de don Blas de la Concha Lodoso y su mujer doña Inés de Andueza que estaban emparentados con la familia Fariña y Luaces por su rama de la Concha, quienes tenían en su posesión el condado de Canillas, así como un dominio en Fisteus, el señorío de la Casa-Torre de Cuadro y Fiobre. Tras enviudar, tomó el hábito en este convento terciario regular»<sup>32</sup>.

Entre os elementos que apuntan a un aparente benestar económico da institución están aquelas dádivas recibidas a través das doazóns ou mandas testamentarias<sup>33</sup>.

---

32 Vázquez Bello, 2023: 153. Este autor cita no seu traballo: «doña Bibiana y doña María Antonia Valois, de origen francés, quienes ingresaron en 1694, doña Francisca Montoto, doña Maríta Jacinta de Andrade, doña Feliciana de Araujo, doña Francisca Revellón y su hermana doña Antonia en 1695; doña Ventura Sebastiana de la Nota en 1696 era hija del regidor don Carlos de la Nota, quien más tarde se casó con don José Cordido en 1701; doña Catalina Bañales en 1697, hija del licenciado Bañales, abogado de la Real Audiencia y regidor de la ciudad, doña María Lorenza de Arenas, hija de Fernando de Arenas, que ingresó ese mismo año; doña Antonia Tavares, doña Josefa de Corro, doña Francisca Flórez, doña María Mayor de Figueroa y Andrade, doña María Romero y Lago, quien además tomó los votos regulares en Santa Bárbara, doña Bernarda Tomasa de Figueroa, doña Lorenza María Monzón, doña María Carrillo, doña Manuel de Parga y Gayoso, doña Ana del Río en 1698. En 1729 doña Inés Varela y Ponte, hija de don Salvador Varela de Caamaño; o en 1731 doña Manuel Varela, soltera e hija del receptor de la Audiencia don Juan Varela, u en ese mismo año doña María Josefa Morquecho, quien tomó el hábito de Santa Bárbara. Otras mujeres, seglares en su mayoría pero que toman el hábito regular en la postrimería de su vida, asistían y ayudaban a las religiosas, este era el caso de Juan Jiménez, mujer soltera que ingresó en la VOT en 1723, y que al final de sus días tomó los hábitos en este convento, era el mismo caso de Josefa Gil, María Jacinta Sánchez, procedente de Caión. En 1723 se anotó doña Bernarda Prieto, quien además asistía a la abadesa del convento. En 1728 ingresó María Jacoba Bretón Prego de Montaos, hija de Mauro bretón, quien fue mayordomo en del convento. En 1754, doña Manuela Pardo, quien se encontraba a cargo de la religiosa doña Josefa Osorio; en 1755 su hermana doña Josefa Pardo».

33 Testamento de Juana Pérez, monxa no convento que o deixa por herdeiro universal 14 de agosto de 1554. ACC, libro n.º 18, fol. 439 y ss. Memorial dos bens fundados por Diego de Andrade. Copia duna cláusula do seu testamento outorgado en 20-4-1554. polo seu testamento deixo no convento dúas misas rezadas coa súa responso en cada semana os luns e sábados perpetuamente e deixo por usufructuarios os bens na freguesía de San Esteban de Liñares e de Culleredo a dona Xenebra de Andrade, relixiosa no

Fronte a isto, e ao mesmo tempo, a comunidade pasará por momentos de insolvencia. Así consta na cesión de diñeiro que lle fai o consistorio no ano 1505 onde se comenta: «dixeron que por quanto una pared del convento de santa Bárbara se había caído e eran pobres e no tenían dinero para lo llevar, dixeron que le mandaban dar seis ducados para adreçar la parede e se le den el primer tercio desde año de propios»<sup>34</sup>. De feito, desde mediados de século e dado o estado de penuria na que vivían os tres conventos mendicantes da cidade, en 1552 o de santa Bárbara recibirá do consistorio axuda en trigo para a manutención da comunidade e dez anos despois concédenselle esmola para poder comprar cereal, porque era pobre<sup>35</sup>.

Os séculos XVII e XVIII foron os más frutíferos para a tesourería conventual debido a que constan diversas doazóns<sup>36</sup>, ademais de preitos nos que se reclaman posesións e privilexios, tendo un lugar destacado os relacionados co legado das *frailas*<sup>37</sup>.

As relixiosas vestían a semellanza dos franciscanos sendo denominadas «as mulleres dos frades». Esta mención parece recollida no testemuño dado a Grabóo por Juan Vidal, veciño da aldea de Bañobre, freguesía de Oseiro (Arteixo, A Coruña), quen achega diversos datos sobre a vida das *frailas*:

«venían a este lugar las monjas a cobrar su renta y solía  
venir una sola, o dos juntas, venían con su ábito y manto

---

convento. ARG. Leg. 560-18. Preitos de conventos. Testamento de Fernando Bermúdez de 1589: «Yten mando al monesterio de Santa Barbora de la dicha ciudad de La Coruña quatrocientos ducados para ayudar a hacer un quarto en el dicho monesterio, los quales se an de gastar e [el e]dificio de los quartos en la parte del dicho monesterio que mas conviniere con parecer de la avadessa que al tiempo fuere del dicho monesterio y del guardián de San Fraçisco de la dicha ciudad (...) Iona Juana Vermudez de Castro mi hermana abadessa que fue del monesterio de San Payo de la ciudad de Santiago» y el monesterio y conuento de Santa Barbora de la ciudad de La Coruña».

34 Velo Pensado, 1993: nota 78, p. 288.

35 Velo Pensado, 1993: notas 78 e 86, p. 288.

36 8-12-1631. ACC, libro n.º 15, fols. 27-31. Codicilo testamentario de Francisco Nunnez y Margarita Martínez, ... «se entierre en el convento de Santa Varvora de la orden de san Francisco desta coudad dentro del dicho convento en las sepulturas que paresçierre a la avadesa de dicho convento. Y que sean amortajados dichos nuestros cuerpos en avitos de dicha orden de san Francisco. por lo quales se pague lo que se lleve...».

37 Para a valoración xeral do legado documental pode comprobarse nesta ligazón o resultado da procura dos preitos custodiados no Arquivo do Reino de Galicia (ARG) no fondo da Real Audiencia [https://archivo.galiciano.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados\\_busqueda\\_restringida.do?posicion=1&tipoResultados=BIB&id=76054](https://archivo.galiciano.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_busqueda_restringida.do?posicion=1&tipoResultados=BIB&id=76054)

pardillo, su toca y sombrero, en la caveza y un palitto en la mano, que a quitarse el escapulario y poner capilla dijéramos, que eran flaires de San Francisco, y por eso, quando las veíamos venir, como no lo entendíamos, decíamos aquí ven a muller du frade, si una sola, y si dos, aquí ven as mulleres dos frades, su vida era muy onesta no vebían vino, contentávanse con qualquier cosas que les diessen aunque no fuese sino pan de centeno y si les davan un poquito de leche, lo tenían por gran regalo, no comían más de dos veces al día, y esso tampoco, que parecía que vivían de milagro, nunca las veían jurar, ni maldecir, sus palabras eran muy quedas, en anocheciendo se recogían en la casa del cassero, y cenavan lo poco que les davan y se encerravan a solas, que ninguno las vaya desnudar en la cama no querían colchón, sino una poca de paja y unas mantas, madrugaban mucho, y como estaban en el cavo de la aldea, llevavan un libro y tres o quatro horas por la mañana las pasavan en rezar, de noche dejían los casseros, que estavan escuchando, que las oyan gemir, y llorar, y después se azotaban muy bien, que como la cassa era pequeña, por mucho que hiciessen encerradas en el zeleiro, no podían dexar de saberlo, la xente de cassa, e como savían visita, en viendo una luego ybamos a besarle la mano, y el ávito, porque todos las teníamos por santas»<sup>38</sup>.

Neste período tamén forman parte da vida conventual segrares como dona Bibiana Francisca Pardo de Valois «libre y seglar en el convento de Santa Bárbara que vive en el mismo junto con su criada Rosa Seone das Seixas»<sup>39</sup>.

A mediados do século XVII a comunidade dá acubillo entre os seus muros ás monxas franciscanas que foxen desde Irlanda ante a persecución do Cromwell<sup>40</sup>. As medidas políticas adoptadas por este xeraron un movemento migratorio de relixiosas que, expulsadas dos seus conventos, foron acollidas en congregacións

38 Barral Rivadulla, 1992-1993: 123.

39 ACC, libro n.º 137, fols. 443r-446v. 1741. Testamento de Dona Bibiana Francisca Pardo de Valois «libre y seglar» no convento de Santa Bárbara (fol. 443r) «Yten mando por bia de legatto a Rosa Seoane Das Seijas que me asiste una cama enterra de madera que tengo torneada que me costeo quattrocientos reales de vellon con mas la colgadura de dicha cama que hes de sarga verde guarnecida con franxa/ de seda encarnada y asimesmo dos colchones y quattro almoadas con sus fundas que uno y otro quero y es mi voluntad se le entregue luego luego (sic) que yo me fallesca».

40 Véase el traballo de O'scea, 2001.

e conventos casteláns. A Coruña constituíu unha das vías de entrada de exiliados irlandeses «no sólo de monjas mendicantes sino también de desposeídos, viudas de militares, colegiales y clérigos»<sup>41</sup>. As monxas franciscanas e dominicas atoparon na cidade distintas congregacións onde acollerse e unha delas foi a de santa Bárbara a cuxa comunidade concedeu o cabido compostelán, no 14 de novembro de 1653, 600 reais para atender ás seis monxas irlandesas que se acollerón no convento<sup>42</sup>. Algunha delas mesmo deixou memoria da súa presenza no caso de Leonor Osolivan «beata de la O.T. de N.P.S. Francisco» que dona en 1686 aos dominicos unha casa grande trala igrexa colexial de Santa María do Campo<sup>43</sup>.

Durante o mesmo período o convento acollerá ás monxas capuchinas que chegan á cidade para fundar un convento. Segundo recolle López Ferreiro, no 5 de novembro de 1683, o cabido compostelán acordou entregar 200 ducados a seis monxas capuchinas que viñeron de Castela a fundar un convento na Coruña<sup>44</sup>.

Neste complexo século XVII destaca a obra do fraude Agustín Grabóo Moscoso, franciscano e capelán do convento, quen en 1691 escribe: *Resumen breve cronológico de los principios de este convento*<sup>45</sup>. É moi probable o autor fose coruñés xa que na documentación de Arquivo Municipal Coruñés localizouse a Juan Bautista Grabóo Moscoso, avogado da Real Audiencia, quizais irmán do fraude<sup>46</sup>.

Este libro acolle, ademais da composición da crónica do convento, outras seccións dedicadas a diferentes aspectos da documentación conservada no arquivo conventual dedicando unha serie de consellos ás arqueiveiras para o seu bo funcionamento. Termina o texto cun inventario dos documentos existentes, clasificados segundo entidades de poboación, deixando tres fondos aparte para papeis xerais, papeis soltos, e pergamiños<sup>47</sup>.

41 Bravo Lozano, 2017: 642 para nota. Para o caso coruñés esta autora tamén cita o traballo de Bruquetas De Castro, 2003.

42 López Ferreiro, 1907: 123.

43 *Libro Becerro Santo Domingo 1686*, s.f. Manuscrito depositado no Arquivo do Instituto Histórico, O.P. (Salamanca) dentro dos papeis do convento da Coruña, libro 2.

44 López Ferreiro, 1907: 123.

45 Analizado en Barral Rivadulla, 1992-1993: nota n.º 1.

46 AHMC. Caixas varias. Años 1670-1673.

47 Barral Rivadulla, 1992-1993: 114-115.

## OS SÉCULOS XIX E XX

Durante o século XIX a historia do convento está sinalada polos distintos desaloxos que sofre a comunidade. Así, no marco da Guerra da Independencia, en xaneiro de 1809, o concello envía unha orde á comunidade aconsellando abandonar o convento #ante o temor dun ataque francés. A consecuencia foi que «veinte y quatro religiosas, el padre vicario, seglares, dos criadas, y dos demandaderas»<sup>48</sup> trasladársense ao mosteiro das Capuchinas, sito na rúa Panadeiras da mesma cidade, abandonando o convento desde o 11 de xaneiro ata o 26 de setembro.

Constan entre os gastos derivados deste traslado «quinientos veinte reales en pagar a los honvres que desocuparon el convento de Santa Bárbara y condujeron los muebles al convento de las Madres Capuchinas de la Coruña»<sup>49</sup>.

Pola manutención das relixiosas no convento veciño e polos gastos derivados da volta das terciarias ao seu convento consígnanse

«mil seiscientos quarenta y siete reales y diez mil maravédis que se gastaron desde el 11 de enero de 1809 hasta 26 de setiembre del mismo año, en que veinte y quattro religiosas, el padre vicario, seglares, dos criadas, y dos demandaderas, que todos comieron de la comunidad en el combento de Madres Capuchinas, que se consumieron [...] así mismo la es de dos mil doscientos quince reales que se gastaron en la conducción de trastos de Santa Bárbara a las Capuchinas, limpiar el combento de Santa Barbara de los yngleses, limpiar el coman de la enfermería de capuchinas, conducción de almarios, espriosiones a las Madres Capuchinas, capellan de ellas otra a la de misericordia, otra conducción de trastos al combento de Santa Barbara desde las capuchinas, cochero y calesero»<sup>50</sup>.

Catorce anos despois, o 12 de xullo do ano 1823, o alcalde primeiro constitucional da cidade, don Agustín Marquerí, desaloxa de novo á comunidade que volve ao

48 Así consta en el *Cuaderno de cuentas del depósito del convento 1807-1810*, s.f., legajo 10, n.º 91.

49 ACC, libro n.º 127, fol. 26 r.

50 ACC, *Cuaderno de cuentas del depósito del convento 1807-1810*, s.f., legaxo 10, n.º 91.

mosteiro capuchino<sup>51</sup>, sendo ocupado o inmóvel por tropas que destinarán a maior parte do edificio a almacén de víveres<sup>52</sup>.

Este traslado da comunidade tivo lugar «desde 12 de julio de 1823 hasta 10 de setiembre del mesmo año que bolbio para el»<sup>53</sup>.

Ante o proceso desamortizador «tuvo el convento que hacer entrega de lo que poseían reservando en sus arcas los dineros correspondientes a las dotes y otras asignaciones que no entraban en las que debían entregarse al Tesoro público»<sup>54</sup>. Con todo, a indiscreción de tres relixiosas que fixeron chegar a noticia do contido na arcas provocou que:

«a las ocho de la noche del día 20 de abril de 1839 se persoñó en el convento el jefe político de La Coruña don Miguel Dorda quien sin ningún miramiento para la hora ni el lugar en que se hallaba procedió a un minucioso registro de las arcas hallando en ellas la cantidad de 89.017 reales y ocho maravedis»<sup>55</sup>.

Esta cantidade roubada foi recuperada en débeda pública e as tres monxas inopportunas enviadas ao convento de clarisas de Monforte<sup>56</sup>.

A comunidade, que en 1834 ascendía a doce monxas profesas<sup>57</sup>, debe trasladarse por lei no ano 1842 ao convento de San Paio de Antealtares. A estancia nesta institución non conta coa conformidade da comunidade terciaria e, o 14 de maio de 1844, dirixen unha instancia á Raíña para que as ampare na súa situación:

«habiendo tenido que soportar el golpe fatal de su traslación a un pueblo desconocido y el que su incorporación a religiosas de otra orden, contra lo dispuesto en la le, sin más motivos según creen por estar reducidas al número de diez religiosas y no componer el de doce que la misma ley determina [...] situación porque la ancianidad de unas, lo perjudicial del temperamento de otras, las tiene amargadas en su

---

51 Estrada Gallardo, 1952: 164.

52 ACC, libro n.º 36, s.n.

53 ACC, *Cuaderno de cuentas del depósito del convento 1820-1824*, s.f., legazo 10 n.º 91.

54 Estrada Gallardo, 1952: 176.

55 Estrada Gallardo, 1952: 177.

56 Estrada Gallardo, 1952: 179-181.

57 Estrada Gallardo, 1952: 176.

existencia [...] cinco religiosas que fueron del convento de Bejar, suprimido por igual motivo que el de santa Bárbara solicitan su incorporación con las de este, con lo que resuelven la dificultad de su número y con la especial circunstancia de ser de la misma orden»<sup>58</sup>.

Será un período de afastamento do inmóvel importante que se estenderá entre 1842 e 1846<sup>59</sup>. As irmás volverán ao convento atopándoo necesitado de innumerables reparacións que van ser as protagonistas da documentación arquivística conservada, petición de doazóns, axudas, exencións a maior parte destas consignadas no apartado da obra conventual.

Nese período de recuperación, o 29 de decembro de 1851, tras o acordo do Ministerio de Gracia e Xustiza e o Nuncio da súa Santidade, adxudícanse ao convento os exercicios de ensino e establecécese que o número de máximo de relixiosas sexa de vinte e seis; naquel momento eran oito<sup>60</sup>.

Os documentos do arquivo conventual son parcos en noticias acerca da comunidade no século XX, tan só consérvanse noticias de cobranzas, doazóns, borradores de diversas cartas do confesor do convento nas que se recollen datos do seu funcionamento entre os anos 1902-1906<sup>61</sup>.

Sen dúbida, o cambio máis notable que acontecerá á comunidade no século pasado será o de abandonar a súa pertenza á orde Terceira para ingresar, no ano 1912, na de Santa Clara. Foi precisamente neste ano cando a abadesa do mosteiro decide dar comezo a unha crónica na que se relaten os principais acontecementos que rodeaban á comunidade. Este manuscrito, que aínda hoxe actualizado anualmente pola irmá arquiveira, cobra sen dúbida un importante valor histórico, ante o silencio doutros documentos. Con todo, a petición da comunidade levou a que o seu contido quede sen tratar neste achegamento histórico ao convento e aos seus fondos documentais.

---

58 Estrada Gallardo, 1952: 182-183.

59 Estrada Gallardo, 1952: 181-188. En 1846 o convento é ocupado por tropas de carabineros tal como comunicao un oficio do comandante de carabineiros do Reino ao Intendente, onde informa do acuartelamento no convento de Santa Bárbara ARG. Copia digitalizada en: <https://arquivo.galiciano.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=155048>


60 Estrada Gallardo, 1952: 197.

61 ACC, varios n.º 2. Consérvase tamén unha carta do Secretario de Asuntos Religiosos pola que autoriza á comunidade para regresar ao seu convento datada en Madrid o 27 de xullo de 1933 en ACC, varios n.º 6.

Aínda así, pode seguirse a historia do inmoble e os espazos nos que reside a comunidade ata comezos da década do 2000, información á que se atenderá no apartado dedicado xa ao inmoble.

## A PRAZA DE SANTA BÁRBARA

O conxunto conventual atópase na chamada cidade vella da Coruña ocupando un espazo delimitado pola muralla da cidade, o mosteiro de San Domingos e o canellón de San Benito. Oculto por paredóns preséntase ao exterior como un conxunto harmónico conformando un dos recintos máis característicos da vila coruñesa. A configuración da chamada praza das Bárbaras pode datarse entre 1615 e 1786, segundo as inscricións que aparecen sobre a porta de acceso ao atrio da igrexa e á de entrada do «pavillón inglés». Coincide con este período a primeira noticia sobre o cruceiro<sup>62</sup>.



Plano de delimitación da praza de Santa Bárbara.

62 «gastaronse ciento y quince reales en conponer el crucero de la plazuela en el año de 1779». ACC, libro n.º 7, fol. 28r. Consta reparado en varias ocasións como en 1824 onde se anota: «gastaronse sesenta y tres reales en esta forma en poner unas fijas en el cruzero de la plazuela» Año 1824. ACC, libro n.º 158, s. fol.

Este singular espazo logra a categoría de conxunto histórico-artístico tras a iniciativa promovida pola Real Academia de Belas Artes de San Fernando, a proposta do relator D. Manuel Chamoso Lamas, trasladada ao Ministerio de Educación e Ciencia o 18 de decembro de 1970<sup>63</sup> e foi outorgada no Boletín Oficial del Estado en marzo de 1971.

«Artículo primero. Se declara conjunto histórico-artístico la plaza de Santa Bárbara, conocida también por plazuela de las Bárbaras, situada en el recinto de la ciudad vieja, de La Coruña. Esta declaración comprende la delimitación determina en el plano unido al expediente y que comprende la zona histórico-artística propiamente dicha y la de respeto.

Artículo segundo. La Corporación Municipal, así como los propietarios de los inmuebles afectados por esta declaración quedan obligados a la más estricta observancia de las leyes del Tesoro Artístico Municipal y del Suelo y de Ordenación Urbana.

Artículo tercero, La tutela de este conjunto que queda bajo la protección del Estado, será ejercida a través de la Dirección General de Bellas Artes, por el Ministerio de Educación y Ciencia, al cual se faculta para dictar cuantas disposiciones sean necesarias para el mejor desarrollo y ejecución del presente Decreto». (BOE. 31 de marzo de 1971, 5249).

Na actualidade a totalidade do conxunto conventual está incluído dentro BIC do Centro histórico polo que a súa protección é integral.

---

63 Carta contida no expediente de Delimitación do contorna dous BIC. Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Anéxanse ao expediente senllos planos de situación e delimitación do BIC. Descripción escrita da delimitación: **ABCD** dende a confluencia da r.S. Benito e R/ Maestranza ata a confluencia da R/Maestranza coa de / I. López Gandalla. **DE** Dende a confluencia da R/ Maestranza coa de / I. López Gandalla ata a confluencia da R/ I. López Gandalla coa r/ S. Francisco. **EF** Dende a confluencia da R/ I. López Gandalla coa r/ S. Francisco ata a confluencia da r/S. Francisco coa R / Sto. Domingo **FGH** Dende a confluencia da r/S. Francisco coa R /Sto. Domingo ata a confluencia R /Sto. Domingo coa r/ Sinagoga **HI** r/ Sinagoga **I-A** dende a r/ Sinagoga ata a confluencia r.S. Benito e R/ Maestranza.



Plano do convento de Santa Bárbara, planta baixa . (Sara Sánchez Pereira arquitecta).

## **OS ESPAZOS CONVENTUAIS**

A arquitectura conventual feminina posúe formulacións propias. As súas estruturas sinxelas responden a que as súas prácticas están orientadas intramuros e non posúen liturxias relacionadas directamente co fiel. O abandono e perda destes inmobles, fundamentalmente debido á ausencia de vocacións, impón un labor de estudo e análise das estruturas de habitación, de claustro e de oración que conformaron a súa realidade histórica, artística e material<sup>64</sup>.

<sup>64</sup> Véxase o «redescubrimento» de Santa Clara de Pontevedra tras ser adquirida polo concello e o impacto social que tivo a súa apertura ao público, o que levou a un novo achegamento ao coñecemento do inmoble e a súa historia. <https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/descubrimiento-muro-siglo-xiv-confirma-que-estructura-santa-clara/202503101423171380568.html>



Parte da comunidade na horta do convento; detrás, a arquitectura conventual.

Segundo Bruzelius, a ausencia dunha «arquitectura feminina» vén dada pola presenza masculina á hora de coordinar a espiritualidade e actividade das comunidades. Esta dirección establece os principios básicos da súa arquitectura sempre a través dos patróns das ordes masculinas: «men's vision of women»<sup>65</sup>. Unha adaptación derivada da súa vida contemplativa e cunha relación limitada co exterior. Así, o primeiro elemento a adaptar serán os templos que atenden fundamentalmente ás celebracións da comunidade<sup>66</sup>.

As fundacións de conventos de terciarias no territorio galego correspóndense a fins do século XIV e o século XVI. Son as comunidades de Baiona (Nosa Señora), A Coruña (Santa Bárbara), Ribadavia (Santa Cristina de Valparaíso), Santiago (Santa Cristina dá Pena), Tui (Santa María de la Concepción) e Vigo (Nosa Señora dos Remedios<sup>67</sup>). Destes seis conventos só tivo continuidade o de Santa Bárbara, cuxa fábrica non conta, ata este momento, cun estudo pormenorizado.

65 «The necessity of male advisors, male visitors, episcopal aproval, an above all male clergy, suggest that the arquitectural environment of the convent reflected men's vision of women's own religious life as often as women's own definition of their religious vocation». Bruzelius, Berman, 1992: para nota 73. Esta idea también es defendida para el caso cisterciense por Muñoz Párraga, 1992: 8.

66 Fundamentalmente diminúen en dimensións, o que Casas Castells denomina «pobreza de plano», Casas Castells, 1993: para nota 459. Tamén defendido no seu artigo de 1995.

67 Sobre estas comunidades véxase Castro, 1984: 211-212 e 275-282.

Trazar unhas liñas sobre o aspecto medieval do convento é complicado dado que o número de restos conservados son míнимos. Con todo, grazas aos puntuais datos achegados pola documentación do arquivo conventual, tentarase esbozar a evolución dos espazos destinados ás terciarias, tanto para a súa vida comunitaria como para a oración; desde as primeiras casas nas que moraron, pasando polo momento en que obtiveron licenza de para erixir o convento, ata finais de século, cando se pode rexistrar a presenza de diversas dependencias.

A comunidade terciaria coruñesa nace, como se mencionou, a partir dunha asociación espontánea de mulleres laicas, sen condición especial, que habitan dentro do perímetro amurallado nunha casa na «rua do cortynnal». A estas, en 1450, Domingo da Costa lega as casas onde moraban e o oratorio de Santa Bárbara<sup>68</sup>. Este conxunto merece, un ano despois, o cualificativo de mosteiro dentro dunha doazón do arcebispo compostelán don Rodrigo de Luna<sup>69</sup>.

Con respecto ás doazóns e privilexios arzobispais que van beneficiar á comunidade destaca a prerrogativa concedida por Alonso de Fonseca pola cal se concede á relixiosa licenza para construír todas as dependencias necesarias para o seu convento: «edificar dicha cassa y monasterio y fundar en ella yglesia y claustro y campanario y poner campana, y hacer las otras oficinas, assi interiores como exteriores, con su cimiterio», tamén se outorgan indulxencias a aqueles fieis que colaborasen no custo de obra, desen esmolas ou favorecesen á comunidade<sup>70</sup>.

É de supoñer que a construcción comezaría pouco despois; con todo ata 1491 non se localizou a mención expresa a unha dependencia conventual, o refectorio, «syendo dentro del monesterio de Santa Barbora de la dicha *cibdad*, ajuntadas en capitulo en el refertorio del dicho monesterio»<sup>71</sup>. Pouco despois, en 1494, unha bula papal referenda o valor do novo conxunto como convento. Dotado das estancias necesarias para a vida comunitaria e igrexa propia<sup>72</sup>.

---

68 Transcrito en Barral Rivadulla, 1998: 408-410.

69 Barral Rivadulla, 1994b: 439-442.

70 «otorgassemos los perdons a nosoutros por los Santos Padres passados e modernos por qualquer persona que diese sus ayudas para la edificación de el dicho monasterio, e ornamentos del e ayuda e sustento de as ditas devotas religiosas». Barral Rivadulla, 1994b: 439-442.

71 Doazón de Alvaro de Rapela e Beatriz de Andeiro ao mosteiro de Santa Bárbara onde teñen unha filla *frailea*. La Coruña a 28 de maio de 1491. ACC, pergamiño n.º 9.

72 Barral Rivadulla, 1994c: 244. Antes acudían ás franciscanas Estrada Gallardo, 1952: 266. Barral Rivadulla, 1994c: 244.

Os traballos serán constantes nas dependencias conventuais ao longo da Idade Moderna destacando a doazón efectuada en 1522 por Fernando Bermúdez de Castro de

«quatrocientos ducados para ayudar a hazer un quarto en el dicho monasterio, los quales se an de gastar e [el e]dificio de los quartos en la parte del dicho monasterio que mas conviniere con parecer de la avadessa que al tiempo fuere del dicho monasterio y del guardian de San Francisco de la dicha ciudad.»<sup>73</sup>.

O aumento da comunidade expón a necesidade de ampliar o dormitorio pero a limitación do recinto lévalles a solicitar máis espazo:

«Fray Phelipe Ascario, vicario del convento de la señora Santa Barbora de esta ciudad y en nombre de la abbesa y monjas del, digo que por ser ttan pequeño y aprettado el dicho convento y no ttener donde se espaziar las religiosas es causa de aver en el cada año graves enfermedades y ttanto que casi que casi no ttienen zeldas que abastten para todas, y a estta causa suplican a vuestra merced sea servido de dar li-zenzia que una huertta del dicho convento que esta fuera de la porttaria se junte con el para poder alargarse mas y azer un quarto en que la calle que esta de por medio de la dicha guerta y conbento ningun vezino del pueblo rescibe detrimiento aunque se zierre porque solo los zapatteros van por alli a la

73 ACC, libro n.<sup>º</sup> 3, fols. 362v. -367r. 4 de maio de 1522: Traslado da doazón de Pedro Bermúdez de Castro dunhas viñas, orixinal en libro n.<sup>º</sup> 141 fols. 223- 224 «e mays bos doy en donacion con las dichas viñas diez mill maravedis endineros fechos e contados e mas un colchon e dos mantas a edos savanas e dos almofadas e un manto de bernia la qual dicha donacion bos fago ede las dichas viñas por senpre xamas e dineros e co- sas sobredichas con tanto que tomeis en recibais por monxa en el diho buestro monas- terio a Maria Bermudez mi hermana, hixa del Señor Don Fernando de Castro, difunto que Dios tenga en gloria e reciviendola e tomandola por monxa en el dicho buestro monasterio desde aora para entones e para siempre xamas bos doy e fago la dicha donacion de las dichas viñas e de los dichos diez mill maravedis e de la dicha cama de ropa [...] e mas le tengo de dar una saya blanca para bayxo e un abito e un mannto pardillo de paño e mas dos pitanzas segun costumbre e quinientos maravedis por an- bas pitanzas e por hende todo derecho de propiedad dominio señorío». Testamento de Fernando Bermúdez de Castro, Palas de Lestrove 15 de xuño de 1523. Documento en ARG, fondo: preitos de conventos, cartapacio 560, n.<sup>º</sup> 18.

casa de las ttinaxas, y luego tienen otras dos calles mas derechas por donde hir, y aunque ellos rodearan un pozo, por ser este beneficio tan general y que rredunda en bien de ttodo este pueblo pues no ttienen otro donde recojer sus hijas estta vuesa merced obligado a hazernos estta merzed que de mas del servizio que se hacer a Nuestro Señor quedara obligado ttodo el a serbirlo a vuestra merced en sus yndignas oraziones= fray Phelipe Alcario, Beatris de Andrade , abadesa»<sup>74</sup>.

O 2 de maio de 1586, o concello da Coruña, tras revisión do lugar, dóalles unha rúa que pasa pola horta do mosteiro para dedicala a dormitorio<sup>75</sup>. En 1606 localízase na documentación a primeira mención ao locutorio alto<sup>76</sup>.



Locutorio alto da comunidade; probablemente, polo tipo de rexería de época moderna.

Os frades dominicos, desde finais de século veciños do convento, comezan a fábrica dos seus aposentos vulnerando a intimidade das terciarias polo que, en 1607, iníciase preito entre ambas as comunidades:

74 ACC, libro n.º 41, fol. 221 r.

75 ACC, libro n.º 41, fol. 221 r.

76 ACC, libro n.º 18, fol. 151 «dentro de la rexa alta del convento de Santa Bárbara de la ciudad de la Coruña a catorce dias del mes de agosto de 1606» tamén chamado «locutorio alto» fol. 171, ano 1608.

«fray Diego Lopez, vicario del monastterio de Santa (221v.) Barbora esttramuros de esta ciudad en nombre suyo y por lo que a mi ofizio toca digo que por quantto a vuesa merced consta por vistta de ojos de los ynconvenientes grandes que al dicho convento y religiosas dell segun su ynstituto y modo de vibir en perpetua clausura resultan ansi a la vistta como al oido por su mui zerca na disstanzia no solo de las luces y ventanas que azia el dormittorio de las dicha religiosas de nuebo quiere y ha comenzado a abrir el monastterio de Santo Domingo a ellas convezino mas tambien de las que ttienen ya en zeldas particulares en exdiametro se oponen y miran frente a la ventana principal del dicho dormittorio y otras zeldas anttiquisimas de las dichas religiosas y la ymposibilidad que de su partte de ellas ay para tomar otra disposizion de fabrica, ansi por la extrechez y apretura del sittio que tienen como por la nottable pobreza que padesen por ttanto attendiendo a ttodo lo susodicho ya que en estta ciudad suele haver concurso y frequenzia de erejes que acuden al ttrato de sus mercanzias a los cuales es matte-ria de mucho escandalo, y aun a los catholicos ocasion no pequena de murmuracion las tales luces y ventanas a vuesa merced humildemente suplico mande se hizieren las que de nuebo los dichos frailes an comenzado a rromper pues tienen y mas acomodado espacio para las piezas que pretenden edificar en el distrito de su casa sin tanta nota y descomodidad de las dichas religiosas y an-simismo no usen de las que astta aora que caen y miran en frente del dicho dormittorio pues siendo piezas (222r) partticulares pueden clavarse las ttales ventanas y darse a otras partes sus luces donde zesen los inconvenientes»<sup>77</sup>.

As reformas máis importantes do convento terciario coruñés teñen lugar nos últimos anos do século XVII e durante todo o século XVIII. A veciñanza cos dominicos levará a que algunas ampliacións e obras dean lugar a preitos entre ambas as comunidades. Sirva de exemplo a concordia, asinada 8 de marzo de 1651, pola que se lle permite aos dominicos abrir unhas xanelas a cambio de pagar a ampliación do muro que os separa das terciarias<sup>78</sup>.

77 ACC, libro n.º 41, fols. 219-222. Incluído nun preito de 1741 polo cal as relixiosas se queixan da altura do novo dormitorio de san Domingos.

78 Documento en ARG, documentación de Vaamonde Lores. Copia dixital en: <https://>

Ao século XVII corresponden tamén distintas peticións da comunidade ao Provincial franciscano para que lles permita utilizar nas obras e reparacións do convento parte dos beneficios tidos dos foros. Sirvan como exemplo a patente expedida por frei Antonio Campo, en 1660, pola que se concede licenza á comunidade para realizar certos foros cujas rendas se dedicarán a reparacións<sup>79</sup>. Esta autorización reitérase o 6 de xullo 1663 para poder efectuar «los muchos reparos en los cuartos y oficinas principales»<sup>80</sup> e en xullo 1672 momento no que se precisan 2.000 ducados

«para darlos al maestro que ha de hacer la obra del convento a fin de que compre los materiales y los conduzca debiendo reintegrarse dicha suma al arca cuando se abone el real acuerdo la limosna y los socorros que tiene concedidas a dicha obra»<sup>81</sup>

A situación continúa ata finais da centuria e así, consta que en decembro de 1690 o convento necesitaba de «muchos reparos, y por estar por muchas partes amenazando ruina, cuyos daños han causado las muchas tempestades que de un año a esta parte ha habido y que por los Señores del Real Acuerdo de este Reino movidos de su mucha caridad y celo quieren de limosna reparar todo lo que se hallara digno de reparo»<sup>82</sup>.

No século XVIII prodúcense importantes actuacións no convento necesarias para albergar a comunidade que ascendía a 30 relixiosas profesas no ano 1752<sup>83</sup>. Entre 1724 e 1727 entabóanse e encálanse o locutorio, a sancristía e o templo<sup>84</sup>. En 1726 «se iso un trecho de muralla de la plasuella de la cosina que estaba arruinada y se enlosou la cosina de cantería y se renobo el tejado de madera»<sup>85</sup>. Neste primeiro terzo do

---

[arquivo.galiciano.gal/arpadweb/gi/consulta/registro.do?id=929679](http://arquivo.galiciano.gal/arpadweb/gi/consulta/registro.do?id=929679)

79 ACC, libro n.º 15, fol. 469 r.

80 Estrada Gallardo, 1952: 98.

81 Estrada Gallardo, 1952: 98-99.

82 Estrada Gallardo, 1952: 99.

83 Vázquez Bello, 2023: 153.

84 ACC, libro n.º 25, *De gastos 1724-1727*.

85 ACC, libro n.º 25, fol. 17 r.

século, repárase a torre-mirador<sup>86</sup>, renóvase o claustro<sup>87</sup>, o campanario<sup>88</sup>, realízanse reformas no dormitorio<sup>89</sup>, locutorio<sup>90</sup>, granería<sup>91</sup> e o galiñeiro<sup>92</sup> e constrúese un novo pavillón de dormitorios<sup>93</sup>.

- 
- 86 ACC, libro n.<sup>º</sup> 148. Descargo. Años 1721-1724. fol. 26 v. «mas quatro reales de la compostura del myrador». ACC, libro n<sup>º</sup> 25. s. fol. «Conpusose el mirador que se le yso al lado de la plasuela de rejas y pare[d] nuebo y costo ciento setenta reales en salarios de dos carpinteros y dos pedreros y dos serbientes y en tabla y clavos».
- 87 ACC, libro n.<sup>º</sup> 25, fol. 15 r.: «para conponer el claustro compramos un ciento de tabla y costo nobenta y nueve reales. Más treinta y siete reales de mil y çinuenta clabos. Más nuebe dias de jornales a los carpinteros uno a quatro reales otro a tres reales ynportan sesenta y tres reales. Y todas estas partidas ynportan ciento y nobenta y nuebe reales». ACC, libro n<sup>º</sup> 25, fol. 15 v.: «para conponer el claustro compramos un ciento de tabla y costo nobenta y nueve reales. Más treinta y siete reales de mil y çinuenta clabos. Más nuebe dias de jornales a los carpinteros uno a quattro reales otro a tres reales ynportan sesenta y tres reales. Y todas estas partidas ynportan ciento y nobenta y nuebe reales». Entre 1730 y 1733 se rexistran nos libros de contas: «yten dan en data siete mill reales que se gastaron en conponer y cerrar el claustro, bancos y tarimas de la iglesia» ACC, libro n.<sup>º</sup> 35 de gastos. Anos 1739-1793 (contén anos 1730-3), fol. 59 v).
- 88 ACC, libro n.<sup>º</sup> 25, fol .16 v.: «pagamos siete reales a un oficial por dos dias que ocupó en retejar el campanario».
- 89 ACC, libro n.<sup>º</sup> 25, fol. 17 r. «pagamos dos reales a un oficial que compono el enladrillado del aposento de comunidad. ACC, libro n.<sup>º</sup> 25, fol. 18 r. «gastose en conponer un dormitorio y la selda de las criadas de comunidad ochenta y dos reales en tabla».
- 90 ACC, libro n.<sup>º</sup> 25, fol. 15b r.
- 91 ACC, libro n.<sup>º</sup> 25, fol .16 r.: «pagamos por retejar la granería dos reales de plata».
- 92 ACC, libro n.<sup>º</sup> 25b, *Gastos. Años 1727-1730. Reparos del convento. 2<sup>a</sup> parte del libro, comienza a foliar de nuevo*: «ycose un muro en la guerta para resguardo de los gallineros con patente de Nuestro Reverendo Padre Provincial y costó en piedra mescla de cal y salario de canteros y sirvientes y otras menudencias quinientos ochenta reales segun memoria» fol 15b r.
- 93 A documentación informa da localización dalgúnhas celas na contorna da horta. Así se recolle a finais do século XVIII cando a nova estrutura xa fora finalizada. ACC, libro n.<sup>º</sup> 70, fol. 30v. Año 1777: «le an compuesto las dos celdas una del claustro y la otra del dormitorio bajo, tuvieron de coste en madera erraxe jornales clavazon y pintura de los marcos tres mill seiscientos reales». ACC, libro n.<sup>º</sup> 35 de gastos. Años 1739-1793, s. fol. Año 1781-4. Constan «tres mil ochocientos cincuenta y nueve reales [...] que se gastaron en diferentes reparos del convento inclusos [...] que se gastaron en conponer la celda del dormitorio, que dice al lado de la huerta (...) en hacer de nuevo las fachadas del mirador, retejar la yglesia y hacer de nuevo / todos los tejados que caen al ospicio [...] en revocar y blanquear la yglesia, sachristia y choro».

O novo edificio dedicado a habitación construíuse no solar que ocupaba a «porta de carros» que daba acceso desde o exterior do convento á graneiría do mesmo. As obras comenzarán en marzo de 1738, mes no que se abonan a Fernando de Casas e Novoa<sup>94</sup> «ciento y cinquenta reales que se dieron [...] por la planta que hizo para la obra del dormitorio»<sup>95</sup>.



Pavillón de dormitorios barroco.

Antes de comenzar o esencial das obras, en posesión dos planos e coa debida autorización, a comunidade diríxese, en maio de 1738, a Pedro D'Auberre, enxeñeiro director de Galicia, para solicitar unha ampliación do proxecto, que se concederá o 6 de xuño:

94 Este arquitecto deseña tamén na cidade: a igrexa e o convento das capuchinas (ca. 1715) e a igrexa dos xesuítas (ca. 1734) pero a obra do pavillón inglés descoñecíase. Sobre a construcción deste trata o libro n.º 36 depositado no ACC. *Libro que contiene los gastos de obra del Dormitorio que se comenzó en agosto de 738 siendo abadesa Dª Mariana de Herze y depositarias Dª Micaela Taboada y Doña Magdalena Roman.* Posteriormente a obra foi xa incluída na tese doutoral de Hermida González, 2007: 137.

95 ACC, libro n.º 36, fol. 123r.

«por lo que suplica [...] permita adelantar la parez que hace callejon con la otra de la comunidad de nuestro padre Santo Domingo. Avanzandola tanto como oy está el myrador de los dichos reverendos padres dominicos, y desde este paraje segun la pared hasta encontrar la rampa que en la muralla da paso al baluarte de San Vicente sin que por esto se impida esta comunicación ni tampoco cosa exencial a la calle que va a nuestro Padre San Francisco»<sup>96</sup>.

A construcción deu comezo inmediatamente, pero en canto se iniciou a elevación das primeiras paredes e abríronse as xanelas xorden problemas co veciño convento de San Domingos que levan á comunidade terciaria a denuncialo ante a Audiencia o 26 de outubro de 1739:

«Joseph del Villar en nombre de la abbadesa y monjas del convento de Santa Bárbara de esta ziudad ante vuesa merced, digo que en dicho conbentto se fabrica un nuevo dormitorio [...] y que para tener luz se hizieron dos bentanas y en una de ellas amanezio la mañana de oy dia una porzion de astas de carneros por la parte de afuera en el descanso de la dicha bentana, los que se no pudieron poner sino que fuese con escala por la parte de la calleja que esta zerrada y media entre dicho convento y el de santo Domingo. Cuias astas se allaron al tiempo que oy dia veinte y seis fueron mui de mañana los maestros y alarifes a continuar en el trabajo de dicha obra [...] suplico se sirva mandar que el rezeptor de la semana u otro qualquiera [...] pasen [...] a hazer reconozimiento a dichas ventanas [...] reservando en su visitta pedir contra los que rresultaren culpados»<sup>97</sup>.

Andrés Alonso Gil, receptor e escribán da Audiencia realiza o recoñecemento solicitado o día 27 de outubro, dando testemuño de que:

«e visto y rreconozido dos ventanas de canteria con sus rejas de fierro una enzima de otra sin puertas que se allan encima del dicho callejon [...] he visto y rreconozido una porcion de astas de carneros, asta en cantidad de dos docenas poco mas o menos unos guesos o canillas que indican ser de baca y otros jeneros que no pude reconozer y uno lo otro se hallan

96 Barral Rivadulla, 1994d: 284.

97 Barral Rivadulla, 1994d: 284-285.

en del descanso del dicho bentanal. A esta declaración acompañaba los testimonios de varios trabajadores de la obra»<sup>98</sup>.

O mesmo día Antonio de Miramontes, en nome de frei Rosendo de Creyro, mestre vigairo provincial e prior do mosteiro de San Domingos, informa que, tras facer unha pescuda no convento, atopouse ao culpable que era «Francisco de Ponte, criado de la comunidad sin yntervencion ni horden alguna mas que de su mera livertad aver sido el ejecuttor de este echo»<sup>99</sup>.

A partir de entón a construcción continuarán a bo ritmo, sendo varios os mestres de obra e os profesionais que traballaron nesta<sup>100</sup>. A obra conclúe no ano 1786, momento en que constan os últimos pagos ao mestre de obra e que aparece inscrito sobre a «porta de carros». Con todo, os traballos de acondicionamento deberon duraron polo menos tres anos<sup>101</sup>.



Detalle da porta de carros do dormitorio con indicación da data de remate.


98 Barral Rivadulla, 1994d: 285.

99 Barral Rivadulla, 1994d: 285.

100 Cuxos nomes proporciona a documentación do arquivo conventual Barral Rivadulla, 1994d: 286.

101 Barral Rivadulla, 1994d: 286.

O novo pavillón dormitorio organízase en tres corpos, dos cales unicamente os dous superiores presentan xanelas, cinco en cada piso más un pequeno van. As xanelas aparecen adornadas por unha moldura plana característica do deseño de Fernando de Casas e que se pode atopar noutras das súas obras como os mosteiros composteláns das Orfas e ou San Paio de Antealtares e no das Capuchinas da Coruña. No corpo baixo a decoración concéntrase na «porta de carros» destacada por unha moldura semellante á que exorna a porta da igrexa das capuchina.



Fronte do pavillón barroco (Xunta de Galicia, 2000).

Aínda que diversas intervencións no inmóvel variaron a súa estrutura interna, ata os anos 90 do século XX<sup>102</sup> áinda podían contemplarse as estruturas de habitación do século XVIII. Os materiais empregados nas estancias eran a cachotería e perpiños de granito, presentando a súa cara máis nobre cara á fachada exterior en cuxos muros se abren as mencionadas xanelas pechadas con reixería. As celas aparecían divididas en dúas ou tres estancias onde se distribuíán a cociña o dormitorio da relixiosa e o da criada. A estas cámaras privadas engadíanse unha serie de estancias denominadas «cuartos comunes»<sup>103</sup>. Por vía de exemplo no ano 1789 consta que «gastaronse setenta reales en esta forma; treinta en una piedra para la cocina de la señora abadesa y quarenta en los canteros que la compusieron»<sup>104</sup>.

102 Nestes anos realiza unha importante remodelación dos pisos superiores, áinda que seguen dedicándose á mesma función. En outubro de 1994 inaugúrase, no piso baixo, o novo locutorio da comunidade.

103 No ano 1791 «gastaronse treinta y cinco reales en limpiar los quartos comunes del dormitorio nuevo». ACC, libro n.º 81, fol. 29 r.

104 ACC, libro n.º 81, fol. 29 r.

Esta distribución do espazo é común aos conventos femininos, non se ha esquecer que en ocasións acollían a damas que ingresaban co seu servizo e, a pesar de que adoitaban profesar a regra, mantiñan privilexios derivados da súa condición social. Dentro do novo pavillón dedicáñase a dormitorio os dous pisos superiores mentres que no inferior atópase unha zona que, sen división interna, dedicábbase a almacén e entrada de mercadorías no convento.

O século XIX será convulso para a comunidade e o edificio. Os rexistros por gastos en distintas dependencias son constantes<sup>105</sup>, máis áinda cando a comunidade debe desalojar o convento e mudarse ao da capuchinas en xaneiro de 1809 ante a inminencia da chegada dos exércitos inglés e francés á cidade<sup>106</sup>.

Os ingleses ocuparán o convento e utilizarán a súa igrexa como cortello, despois de embarcar serán os franceses os que o fagan<sup>107</sup>. Antes de que a comunidade regrese ao convento débense reparar os danos ocasionados pola estancia destas tropas, a maior parte na muralla do convento<sup>108</sup>. En xullo inícianse as reparacións

105 No libro n.º 118 é onde se recollen a maior parte das reparacións ata a ocupación do convento polas tropas. Así, no fol. 31v consta: «gastaronse cien reales en hazer el mai nel para la zelda de la madre abadesa que esta junto al di profundis». En 30 de marzo de 1802: «gastaronse ciento y setenta reales con un cantero y serviente que retejaron el dormitorio de la obra nueva y revocaron la pared del mirador alto que mira a la plazuela» (fol. 31v). En abril de 1802: «gastaronse quatro mil y cien reales en azar el cunducto del quarto comun de la obra nueva asta yntroducirle en el de la senora Abadesa todo de pieza de canteria fue ajustado y echo a un través Andres Bugallo, maestro de cantaria y manpostaria se yzo en abril del año de 1802» (fol. 34 r.) .1802 «gastaronse quarenta reales con un cantero y serviente que revocaron parte de la pared de afuera del dormitorio biejo que esta inmediato al convento de Santo Domingo» (fol. 34r). ACC, libro n.º 119, fol. 34v. «gastaronse quattro mil quinientos ochenta y ocho reales en componer el mirador alto, hazer doce ventanas del claustro, otros tantos maineles, componer la puerta que va a la yglesia la reglar, y las de carros con su pintura y otros reparos de la casa».

106 Estrada Gallardo, 1952: 166.

107 Estrada Gallardo, 1952: 161.

108 ACC, libro n.º 68, fol. 26v. 1814. «Gastarónse mil e sesenta y dos reales y diez y siete maravedís en receber y levantar un poco el cabalete y en componer la muralla enterramente la que dice al lado de la artillería sólo por el lado de afuera en el año 814». 1816 (fol 28 r.) «Gastáronse tres mil quinientos treinta y quattro reales en rrezebar toda la muralla de la huerta por adentro y enladrillar las dos cocinas de arriva y la zelda de las criadas y recomponer el claustro de avajo en este año de 816». ACC, libro n.º 158, s. fol. 1826. «gastaronse treinta y seis reales en dos días que ocuparon un cantero y sirviente en receber la muralla de la huerta que dice a San Benito y a la maestranza

sendo un dos canteiros encargados das obras Juan de Rivadulla. A comunidade regresará o 20 de novembro de 1809<sup>109</sup>.

Tras o proceso desamortizador, a comunidade debe abandonar o inmóvel entre 1842 e xuño de 1846<sup>110</sup>. Estrada Gallardo recolle no seu traballo noticias e datas significativas esenciais para valorar a obras acometidas tras o regreso e as distintas axudas recibidas<sup>111</sup>.

En maio de 1854 a comunidade, reunida en capítulo, pon de manifesto a urxencia de

«adquirir ornamentos y vestiduras sagradas para poder celebrar los oficios divinos por hallarse todo consumido y en estado inservible e indecoroso, y la petición de ocurrir al reparamiento y limpieza de las celdas que contaban muchos años sin blanquear y cuya medida reclamaba la salud pública amenazada desde la invasión del cólera morbo»<sup>112</sup>.

Entre os anos 1857 e 1881 rexístranse varias intervencións recollidas nun cartapacio do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago<sup>113</sup> que contén, entre outros, documentos os seguintes:

- a) Instancia da providencia de obras de 1857
- b) Orzamento presentado polo arquitecto Juan Bautista de Aguirre 1857
- c) Real Orde do 3 de novembro de 1857 aprobando o presupuesto
- d) Instancia da señora abadesa sobre a obra 1860
- e) 15-11-1860 orzamento presentado polo mestre de obras Lorenzo Miguel
- f) 16-2-1861. Real Orde aprobando o orzamento
- g) 9-6-1864 instancia da abadesa
- h) 13-6-1864 nomeamento do arquitecto pola xunta en don Faustino Domínguez para a formación do orzamento

---

inclusa la mezcla y arena que se necesito este año de 826».

109 ACC, libro n.º 127, fol. 28 r. 1809. «gastaronse doscientos quarenta y seis reales en pagar a los honvres que condujeron los muebles de la comunidad desde el convento e madres capuchinas al de Santa Barbara en noviembre de 1809 [...] gastaronse ciento sesenta reales en pagar al literero y cochero que han condonizado las religiosas desde el convento de madres capuchinas al de Santa Bárbara en 20 de noviembre de 1809».

110 Estrada Gallardo, 1952: 184.

111 Estrada Gallardo, 952: 197-199.

112 Estrada Gallardo, 1952: 201.

113 AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

- i) 19-7-1864. Orzamento
- j) 27-7-1864. Acordo da xunta para o señor gobernador con ditame do arquitecto para que emita a súa posición
- k) 5-8-1865. Real orde aprobándoo e sinalando os 20 días últimos de setembro para a poxa
- l) 8-9-1865 adxudicatario a Fabián Vicente Vázquez como contratista da obra

O recoñecemento do inmobile en 1857 dá como resultado o seguinte informe:

«habiendo reconocido minuciosamente el edificio resulta que pueden considerarse con la debida solidez los muros interiores y esteriores de todo el y en general todo cuanto en el pertenece á la fabrica de silleria y mamposteria. No se hallan en estado tan satisfactorio el maderamen [...] los reparos mas indispensables para resguardar las injurias de la intemperie es atender á la armadura que cubre el referido edificio y á las demás que á continuación se expresan por ser suma de necesidades [...] reponer de nuevo el pavimento de la cocina del primer piso incluso la piedra del hogar y una vidriera de una de las ventanas [...] 16 vidrieras de madera de castaño para los cuatro lienzos del patio incluso herraje, vidrios y pintura [...] rehabilitar el pavimento del comúン del 2º piso [...] la coruña 5 de octubre de 1857»<sup>114</sup>.

O 7 de febreiro de 1859 a comunidade solicita ao alcalde a reparación das celosías de madeira do miradoiro do convento. A obra é autorizada polo arquitecto municipal José María Noya<sup>115</sup>.

Un año despois se informa que

«las techumbres son las que se hallan en mas mal estado, especialmente las de sobre el coro y refectorio. Los pasillos que conducen hacia los dormitorios están destruidos, haciéndose indispensable reponer algunas vigas y pisos y reponer mucha parte el armazón del tejado»<sup>116</sup>.

---

<sup>114</sup> AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

<sup>115</sup> AHMC, expedientes de obras menores, carpeta n.º 605.

<sup>116</sup> AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

O 15 de febreiro de 1883 acódese ao concello para pedir a derriba do lenzo da muralla que pecha a horta do convento polo lado do Campo da Estrada, acción avalada polo arquitecto municipal, Juan de Ciórraga<sup>117</sup>.

No informe do estado das carpinterías realizado en 1884 constan as seguintes necesidades:

«ciento cincuenta y nueve metros cuadrados de tabla de piso del norte para echar un nuevo piso al refectorio [...] cuatro huecos de vidrieras para el mismo refectorio [...] cuarenta y nueve metros cuadrados de tabla del piso norte para el piso de profundis [...] madera para el piso y techo del tramo que conduce á la escalera del claustro [...] sesenta y dos metros cuadrados de piso de techo para la cocina con tabla de piso de norte, vigas [...] dos huecos de vidrieras para la cocina [...] tabiques para la dispensa [...] madera de holanda para el techo de siete celdas y piso de otra en el claustro alto [...] para el techo del claustro alto [...] para la pieza situada detrás del coro [...] pavimento de pizarra para la sacristía baja [...] techo para la sacristía que se haya inutil, [...] rejas de hierro dulce para la misma sacristía y pieza contigua [...] tabla de holanda para la sala de labor [...] por construir de nuevo la escalera de este locutorio con peldaños y balaustres de castaño [...] vidrieras con sus maiñeles para las celdas de la obra moderna [...] madera de pino de holanda para el piso del mirador [...] para el techo del mismo mirador»<sup>118</sup>.

O 28 de agosto de 1884, José Pena e José Soto Valeiro, mestres de obras de albañelería, afirman un informe sobre o convento nos seguintes termos:

«el temporal del año de mil ochocientos ochenta y tres ha destruido ciento setenta y siete metros cuadrados de la muralla que cierra la huerta del citado convento cuya reconstrucción de mampostería [...] examinada detenidamente el segundo cuerpo principal de los claustros que se halla entre la portería de entrada y el patio del pozo, resulta que los techos y tejados carecen de la corriente necesaria para la salida de pluviales, las cuales se filtran por los muros y centros de las

117 AHMC, expedientes de obras menores, carpeta nº 605.

118 AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

habitaciones de la comunidad que por este motivo las hacen inhabitables. Las maderas de esta parte del edificio se hallan en general en estado de última vida [...] el mirador, que corona las obras de este departamento, se halla en estado ruinoso y su demolición y reconstrucción en todas sus partes se hace indispensable [...] habiendo manifestado la madre abadesa que este convento carece de local a propósito para enfermería de la comunidad y de habitación que se pueda destinar a este humanitario servicio [...] proponen construir un segundo cuerpo sobre los claustros que se hallan entre los dos patios con el frente al norte, con pasillo, habitaciones para convalecientes , cocina y un balcón frente al patio [...] tres vidrieras de la iglesia conventual<sup>119</sup>.

Dous anos despois o arquitecto diocesano Domingo Rodríguez Sesmero proxecta as reparacións do muro de cerramento da horta, a reconstrución da cuberta entre a portería e entrada e a do piso. As obras son autorizadas por Real Orde do 9 de setembro de 1886 e sácanse a poxa gañántoa o contratista Genaro Veira<sup>120</sup>.

En 1888 o arquitecto diocesano advirte que para

«evitar la ruina considero indispensable la construcción de un estribo de sillería adosado al paramento del muro, para que su volumen contrarreste el empuje [...] se pasará a la huerta a través de un arco. Otra de las obras [...] es la construcción de un departamento para enfermería [...] a este fin se ha elegido uno de los cuatro lados de un claustro para en su primera y segunda crujía del piso principal elevar un segundo piso<sup>121</sup>. Cuatro años después deciden solventarse lo problemas de la iglesia, el coro bajo y el patio con varias dependencias contiguas, su emplazamiento se halla más bajo que los terrenos que los circundan, siendo la causa de hallarse podridas las maderas de los entarimados, donde existen, y con excesiva humedad [...] en la crujía del norte y su piso principal se hallan en completo deterioro las piezas destinadas a noviciado...»<sup>122</sup>.

---

119 AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

120 AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

121 AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

122 AHDS, fondo xeral, legaxo 393, serie comunidades relixiosas.

Son estas as últimas noticias que se localizaron nos arquivos sobre as reformas nas estruturas conventais. Agora, como no caso da abordaxe da historia do convento toca deterse no momento da chegada das clarisas.

Quedan tan só por analizar templo conventual e as pezas móbiles e inmóbiles conservadas do pasado terciario.

## A IGREXA A CONVENTUAL

A estrutura actual do templo correspón dese en liñas xerais as formulacións da arquitectura templaria das comunidades femininas unicamente consérvese de época histórica o arco de acceso á capela maior, áinda que moi alterado)<sup>123</sup>.



Detalle do arco de acceso á capela maior do templo.

Vista xeral do templo.

Construída probablemente sobre o antigo oratorio de Santa Bárbara, como manifestación do respecto a un «lucus sacer» preexistente, e perfectamente orientada, a igrexa medieval foi levantada no último terzo do século XV e presentaría estrutura lonxitudinal cunha nave, e ábsida poligonal e sen cruceiro.

123 Sobre este aspecto e o planeamento da arquitectura conventual medieval pode consultarse Barral Rivadulla, 1994c.



Detalles dos capiteis medievais conservados no acceso ao templo.

O templo foi renovado nos séculos XVII e XVIII respectando a planta baixomedieval, posteriormente as intervencións dos séculos XIX ao XXI configuraron un interior de gran simplicidade, sendo as liñas de imposta, resaltadas baixo o nivel das xanelas do teito, o único elemento de articulación do conxunto.

A transformación do conxunto conventual no século XVIII alcanza ao templo e así, segundo consta na documentación, entre 1721 e 1730 reformase a capela maior na que se abre un van no muro da Epístola para comunicar o oratorio de clausura coa igrexa<sup>124</sup>.

Neste momento tamén se arromba o mobiliario da capela, tal como consta do gasto «hen poner vidrios a la urna donde está la patrona y conponer el relicario que esta encima de ella se gastaron doze reales»<sup>125</sup>.

Non pode afirmarse que este relicario sexa o da Santa Cruz, cuxo certificado de autenticidade se custodia no arquivo conventual, e data de 1519; a documentación só transmite que «dicha reliquia se ubicaba una cruz de cristal ornada de plata purificada a fuego y atada con una cinta de seda de color rojo y lacrada con nuestro sello»<sup>126</sup>.

124 Esta capela foi probablemente construída nestes anos. ACC, libro n.º 21, s. fol.

125 ACC, libro n.º 25, *De gastos 1724-1727*. fol. 18 r.

126 O certificado de autenticidade reza: «Joannes Ottobonus Praelatus Domesticus, Rev. Cam. Apost. Clericus: Dei, et Apostolicae Sedis gratia. ARCHIEPISCOPUS NAZIANZENUS, ET PONTIFICII SOLII EPISCOPUS ASSISTENS; Universis et singulis has nostras authenticas literas inspecturis fidem facimus indubiam, ac in verbo veritatis testamur, qualiter Nobis fuerunt exhibitae nonnullae Sanctorum Reliquiae iam prius recognize B R C D. Franciscum de Vico, Episcopum Efasinum, et quibus extraximus particulas pretiosissimi Signi Sanctissimae Crucis in qua Dominus Noster Jesus Christus pro redemptione generis humani pependit, et animan eterno Pater reddidit, quas

Ao beneficio da comunidade contribuirá tamén o arcebispo compostelán ao privilexiar en 1739 o altar das Angustias, localizado no corpo da igrexa á beira da Epístola<sup>127</sup>.

A partir de mediados de século constan melloras no ornato do templo. Así, en 1749 encárgase un novo sagrario ao prateiro de Salamanca: Manuel García Crespo.

«Este hizo un sagrario para colocar a Su Magestad en el monumento de este convento de Santa Bárbara de la Coruña que tuvo de coste: pesa la plata quarenta onzas y media que por su valor veinte reales yportan ochocientos y diez reales. Llebo de oro trescientos setenta y seis reales. La echura de las figuras y de toda la plata un mill ochenta y dos reales. Ymporte de la madera y dorado por la madera de el sagrario su fachada de perar llebo Luis Gonzlez ensemblador cien reales. Por la cerradura y bisagras quinze reales. El dorador por dorarle por dentro y fuera ochenta reales. El ara costo cinco reales, el hordinario por ponerle en Santiago llebo nobenta reales. Suman estas cinco partijas doscientos y nobenta reales que con los dos mil doscientos sesenta y ocho suman dos mill quinientos cincuenta y ocho reales, mas veinte reales que llebo el propio de traerle desde Santiago al dicho convento»<sup>128</sup>.

O 1 de xullo de 1754 encoméndase realizar un novo órgano a Melchor González Maldonado. A escritura de encarga contén información sobre as características do instrumento, prazos de entrega e pagos.

«en primero de julio de 1754 otorgo la comunidad escritura con el organero Don Melchor González Maldonado vecino de

---

reverenter reposuimus et in forman crucis reaptavimus in Cruce christallina circumornata argento obrixo, bene clausa, ac filo serico rubri" coloris colligata nostroque in cera rubra hyspanica impresso sigillo pro illarum identitate obsignata repositas ad majorem Dei gloriam, et suorum Sanctorum venerationem elargiti fuimus Domino Marco Antonio Panzoni ad effectum dictam sacram Reliquiam poenes se retinendi, aliis donandi, et in quacumque Ecclesia, Oratorio, seu Cappella publicae Fidelium venerationi exponendi. In quorum fidem has praesentes manu nostra subscriptas, nostroque firmatas sigillo expediri mandavimus. Datum Romae extra Portam Flaminiam die 12 Julii 1529 (Firmado Johannes Otthobonus Archiepiscopus Nazianzenus)». ACC, varios, s.n.

127 Estrada Gallardo, 1952: 142.

128 ACC, libro n.º 45, 1749, anexo entre folios 185 y 186.

la feligresía de San Julián de Chorente para acer un órgano bueno en el precio de ocho mill y quinientos reales de vellón [...] y en dicho dia mes y año le entrego la comunidad como consta de la escritura quattro mill reales vellón, mas dimos diez y seis reales al escrivano que otorgo la escritura que fue Juan Antonio Varela, vezino de esta ciudad y la copia a allara en el libro n.<sup>º</sup> 16»<sup>129</sup>.

---

